XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PUBLICA
Asesoría Xurídica

Edificio Administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 138; 981 544 120

CES Galicia RX2025E66
09/04/2025

ASUNTO –INFORME FACULTATIVO.

ÓRGANO PETICIONANATE –CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL .

Recíbese nesta Asesoría Xurídica petición de informe xurídico na que se indica "...solicito dese centro directivo asesoramento xurídico... sobre si ASAGA cumpre ou non o requisito do artigo 7.2 a/ da Lei 6/1995 e debe ser ou non, considerada unha organización profesional.".

A estes efectos emítese o seguinte **INFORME:**

PRIMEIRO-Par enmarcar a resposta xurídica que se nos solicita debemos partir da seguinte premisa: si ASAGA é ou non organización profesional que resulta lexitimada para representar e defender os intereses dos seus asociados no Consello Económico e Social de Galicia.

Neste senso a Lei 6/1995,de 28 de xuño pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia configura dita Institución como foro permanente de diálogo e deliberación entre os *axentes económicos e sociais e a Xunta de Galicia* .

Sinalando igualmente a devandita lei no seu artigo 2.Finalidade .

"A finalidade do Consello é facer efectiva a participación dos axentes económicos e sociais na política socioeconómica de Galicia".

Para dar unha adecuada interpretación a norma que resulta de aplicación ,coa finalidade de conseguir unha resposta axeita a consulta formulada a esta Asesoría Xurídica, debemos partir do preceptuado polo Código Civil ,no seu artigo 3.1,en relación a interpretación das normas:

CVE: 1PnLinqccyh1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

" As normas interpretaranse segundo o sentido propio das súas palabras ,en relación co contexto, os antecedentes históricos y lexislativos, e a realidade social do tempo en que han de ser aplicadas, atendendo fundamentalmente o espírito e finalidade daquelas"

Recolle polo tanto os criterios que deben ser utilizados a efectos de determinar si a interpretación que se faga da Lei de creación do Consello Económico e Social permite configurar a ASAGA como organización profesional coa finalidade de que forme parte da composición do Consello Económico e Social.

Neste senso non debemos esquecernos que a Lei de creación do Consello Económico e Social de Galicia ten unha antigüidade de case 30 anos polo tanto os termos utilizados na mesma deben ser interpretados, tal como indicamos con anterioridade, con "arreglo a realidade social existente hoxe en día", sendo o termo *Organización Profesional* ,un termo que xa non figura nas normas que se ditan hoxe en día ,a entender desta Asesoría Xurídica ,a utilización do criterio da "finalidade" recollido no artigo 3.1 do Código Civil ,resulta relevante para poder determinar si ASAGA é organización profesional os efectos de facer efectiva a participación dos axentes económicos e sociais na política socioeconómica de Galicia ,tal como dispón o artigo 2 da Lei 6/1995.

Examinados os Estatutos de ASAGA, no artigo 1 indicase que se transforma ***nunha organización profesional agraria*** .

E o artigo 4,obxeto e fins, sinala que *ten por obxecto a representación ,xestión ,defensa e fomento dos intereses...dos seus membros.*

Polo tanto o seu fin é coincidente cos fins que han de defender e representar as organizacións profesionais do sector agrario a que fai referencia o artigo 7.2.1 da Lei de creación do Consello Económico e Social de Galicia.

CVE: 1PnLinqcyh1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Polo tanto ,a criterio desta Asesoría Xurídica ,o concepto de asociación profesional encaixa dentro do xenérico organización profesional ,para formar parte da composición do Consello Económico e Social de Galicia .

SEGUNDO-A maior abundamento mencionaremos que ASAJA ,forma parte da composición do Consejo Económico y Social de España.Ente que conta con unha regulación semellante por non dicir igual a do Consello Económico e Social de Galicia.

A vista de todo o indicado con anterioridade ,a entender desta Asesoría Xurídica non existe obstaculo xurídico para que ASAGA forme parte da composición do Consello Económico e Social de Galicia os efectos recollidos no artigo 7.2.1da Lei 6/1995,pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia.

Se ben ponse de manefesto que non corresponde a esta Asesoría Xurídica pronunciarse en relación co requisito esixido no devandito artigo 7.2.1 *"...coa maior implantación no sector en Galicia".*

É canto se informa,sen prexuizo de mellor criterio fundado en dereito.

Santiago de Compostela,na data da sua sinatura dixital.

Asdo.A Letrada da Xunta de Galicia.

Mª del Carmen Rodriguez Mujico.

Asinado por: RODRIGUEZ MUJICO, MARIA DEL CARMEN
Cargo: ASESORA
Data e hora: 09/04/2025 11:02:15

CVE: 1PnLinqcyh1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve